



Guía de boas prácticas

**PARA A PROTECCIÓN
DE MENORES**

Segundo a Guía de boas prácticas, que a continuación presentamos, enténdese por:

- **Menor:** calquera persoa cunha idade inferior a dezoito anos; equipárase ao menor a persoa que habitualmente ten un uso imperfecto da razón.
- **Adulto vulnerable:** calquera persoa nun estado de enfermidade, de deficiencia física ou psicolóxica, ou de privación da liberdade persoal que, de feito, limite incluso ocasionalmente a súa capacidade de entender ou de querer ou, en calquera caso, de resistir á ofensa.
- **Vítima:** calquera menor de dezoito anos, ou persoa que habitualmente ten imperfecto uso de razón, e o adulto vulnerable.
- **Vitimario ou agresor:** calquera persoa maior de idade acusada da comisión dos delitos descritos despois no marco legislativo canónico deste Protocolo.

1

Introducción

A Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela presenta esta Guía co obxectivo de axudar aos sacerdotes, consagrados e laicos comprometidos coa misión evanxelizadora e educativa da Igrexa a previr e actuar ante calquera forma de abuso que poida darse, especialmente cara a menores e persoas vulnerables en calquera ámbito.

Esta guía é unha resposta activa á vontade expresada polo Papa Francisco e quere contribuír a crear contornas seguras onde acompañar e colaborar coas familias no desenvolvemento integral dos nenos, mozos e mozas, e/ou adultos vulnerables.

Os delitos de abuso sexual ofenden ao Noso Señor, causan danos físicos, psicolóxicos e espirituais ás vítimas, e prexudican á comunidade dos fieis. Para que

estes casos, en todas as súas formas, non ocorran máis, necesítase unha continua e profunda conversión dos corazóns, acompañada de accións concretas e eficaces que involucren a todos na Igrexa, de modo que a santidad persoal e o compromiso moral contribúan a promover a plena credibilidade do anuncio evanxélico e a eficacia da misión da Igrexa. (Francisco, *Vos estis lux mundi*, 2019)

Ademais, seguindo a normativa establecida no Código de Dereito Canónico e o indicado pola Dicasterio para a Doutrina da Fe, en relación á recepción e actuación ante denuncias por casos de abuso sexual a menores, refórzase o compromiso eclesial de ofrecer ás vítimas un protocolo definido e eficaz desde o momento da detección e denuncia ata a reparación na medida do posible do dano causado.

2

Fundamentación

A Igrexa —a través de diversas institucións— atende, acompaña e educa a numerosos menores en diversas actividades: catequese de primeira comunión, de confirmación, colexios, grupos de apoio socioeducativo, campamentos, tempo libre, etc. Nestes escenarios estamos obrigados a velar e protexer a integridade e os dereitos da infancia e adolescencia. Este compromiso debe asumilo a propia institución eclesial pero tamén todas e cada unha das persoas adultas que colaboran con ela nas súas múltiples actividades, para construír así espazos e

ámbitos protectores, saudables e estimulantes para o crecemento integral dos menores.

Deste compromiso nace a necesidade de facilitar esta Guía de boas prácticas, que pretende ser unha ferramenta útil para a prevención ou detección de sospeita ou evidencia de situacións de abuso sexual ou calquera outra forma de maltrato na infancia e adolescencia. Este Manual debe ser coñecido e aceptado polas persoas responsables da actividade e estará, ademais, ao alcance da comunidade e dos pais, nais ou titores legais das persoas menores de idade.

3

Consideracións sobre o abuso sexual a menores

O abuso sexual a menores válese habitualmente do engano, a forza, a mentira, a sedución, a chantaxe ou a manipulación.

Nos supostos de abuso sexual, non resulta relevante verificar se a persoa menor agredida deu o seu consentimento ou non. A responsabilidade é, en todo caso, da persoa abusadora.

É ABUSO:

- Acosar, asustar ou intimidar con xestos obscenos ou con comunicacións obscenas por medio de: chamadas telefónicas, mensaxes de móbil, correos electrónicos, cartas ou notas de explícito contido sexual.
- Facer proposicións sexuais ou insinuacións relacionadas coa conduta sexual e ofrecementos de encontro con fins sexuais utilizando internet ou outros medios.
- Pedir ao menor que expoña ou exhiba o seu corpo ou partes do seu corpo con fins sexuais, directamente ou mediante a utilización de medios de comunicación dixitais.
- Tocar partes do corpo do neno/adolescente consideradas íntimas ou eróxenas, por encima ou por baixo da roupa, intentos de bico, contacto corporal, excesivo achegamento, etc.
- Obrigar ou incitar a tocar a un adulto, ou a outros menores, con fins sexuais.
- Exhibir e expoñer deliberadamente ao menor material pornográfico.
- Penetrar ou intentar a penetración oral, anal ou vaxinal.
- Explotar sexualmente, incitar ou permitir a participación dun menor na prostitución, pornografía ou espectáculos sexuais.
- Posuír, vender, difundir ou exhibir material pornográfico entre menores ou persoas vulnerables.
- Usar internet para difundir contidos e comentarios de tipo sexual, así como difundir imaxes ou datos comprometidos de tipo sexual, con ou sen consentimento da vítima.

4

Medidas de prevención

Co propósito de xerar no noso ámbito condicións adecuadas que preveñan o abuso de menores, traballarase para garantir o cumprimento das seguintes recomendacións:

SELECCIÓN DE PERSOAS

- Certificado negativo do Rexistro Central de delinquentes sexuais.
- As persoas de nova incorporación tamén deberán presentalo.
- Documento de responsabilidade persoal.

MOSTRAS FÍSICAS DE AFECTO

- Nunca poden parecer desproporcionadas.
- O menor ten dereito a rexeitalas aínda que sexan benintencionadas.
- Ser parco nas manifestacións de afecto, evitando caricias, bicos ou abrazos imprudentes ou inxustificados.
- Non mostrar favoritismo individual a menores, nin de palabra nin con obsequios que se poidan malinterpretar.
- Coidar a linguaxe verbal (evitar as expresións vulgares e obscenas, os comentarios sexuais e as referencias ao aspecto físico que supoñan ironía, humillación ou invasión da intimidade do menor) e o non verbal (evitar xestos suxestivos de natureza sexual, aínda que sexa en broma).

QUEDARSE A SOAS CO MENOR

- Nunca durante moito tempo.
- Nunca coa porta pechada.
- Nunca levar a menores a soas no coche.

FALAR A SOAS CO MENOR

- Sempre nun entorno visible e accesible aos demais.
- Usar nos despachos portas de cristais transparentes.
- Política de «porta nunca pechada».

MENOR ENFERMO OU FERIDO

- Examinalo sempre en presenza doutro adulto, ambolosdous, a poder ser, do mesmo sexo que o menor.

CONTACTO FÍSICO RELEVANTE POR NECESIDADE

- En previsión do mesmo, ou con posterioridade, comunicarllo aos pais ou titores legais.

XOGOS, BROMAS OU CASTIGOS

- Totalmente prohibidos cando teñan connotación sexual, ou cando supoñan espirse ou bicarse.
- Totalmente prohibidas as novatadas que supoñen actos vexatorios, denigrantes ou sexistas.
- Non ensinar aos menores xogos desapropiados, nin sitios de internet, nin nada que poida ser interpretado como pornografía.

EXCURSIÓNS

- Autorización asinada polos pais ou titores legais.
- Se supoñen durmir fóra, asegurar un número suficiente de acompañantes e diferenciar o aloxamento por sexos.
- Nunca un adulto pode compartir habitación ou tenda de campaña con menores.

DUCHAS E ASEOS

- Prohibido entrar en vestiarios, duchas e aseos mentres estean os menores.
- Se é necesario por razóns disciplinares, entrar dous adultos e, a poder ser, do mesmo sexo que os menores presentes.
- Evitar toda vestimenta que supoña unha erotización das persoas, especialmente menores.

COMUNICACIÓN

- Sempre por canles oficiais (propias da parroquia, grupo, centro, etc.), nunca co teléfono ou email persoal; enviar copia oculta ao responsable.
- Se se crean grupos de mensaxaría instantánea (do tipo Whatsapp ou Telegram) ou se usa o correo electrónico para convocar, organizar ou coordinar actividades, os pais ou titores legais deben recibir as mensaxes.
- Os axentes de pastoral e catequistas non darán os seus teléfonos e correos electrónicos particulares aos menores, nin se citarán con eles fora da parroquia sen permiso expreso do responsable e dos pais ou titores legais.
- As reunións e conversacións levaranse a cabo sempre dentro do horario de actividade habitual.

RELACIÓN SENTIMENTAL

- Totalmente prohibida con menores. É motivo de cese inmediato da actividade pastoral.
- Nunca responder ás insinuacións do menor, e cando se dean, comunicalas ao responsable.
- Establecer os límites adecuados.
- Non pedir a un menor que garde un secreto.
- Gardar reserva sobre a vida íntima tanto dos adultos como dos menores e cortar toda conversación ou comentario de carácter morboso ou indecente.

FOTOGRAFÍAS

- Evitar as tomas privadas de imaxes de menores. Se se fan no desenvolvemento de actividades pastorais, que sexa con dispositivos técnicos da parroquia ou centro educativo.
- Informar aos pais ou titores legais destas tomas, e non difundilas sen o seu consentimento.
- Gardaranse nun arquivo único, do que será responsable a parroquia ou centro diocesano.

EN XERAL

- Fomentar a confianza e sinceridade entre menores e adultos para que poidan indicar abertamente actitudes e comportamentos que os desgusten.
- Buscar sempre a transparencia, procurando que calquera actuación sexa visible e verificable con testemuñas.
- Comunicar aos responsables as intervencións con menores susceptibles de seren mal interpretadas ou que xeren risco.
- Ser un claro referente dos dereitos da vida humana, da dignidade da persoa, do respecto mutuo, da convivencia e de todo o que contribúa a que o ser humano se realice de forma integral.

5

Crterios básicos de actuación

Indicadores físicos

Embarazo, enfermidades de transmisión sexual, lesións e dor física inexplicable ou persistente na zona xenital, anal ou nos seos.

Indicadores de comportamento

Comportamentos anómalos e anormalmente rechamantes de carácter compulsivo, depresivo, defensivo, autodestrutivo, aditivo, delituoso ou promiscuo; tendencia a mostrar condutas, a realizar xogos e a utilizar linguaxes sexualizadas impropias da súa idade; baixo rendemento escolar e deportivo; secretismo respecto de amizades, actividades, redes sociais e uso de internet; exhibición de agasallos, diñeiro e obxectos de valor de orixe inexplicable ou pouco crible.

Tamén debemos estar atentos aos indicios que con palabras, máis ou menos veladas, o menor está sinalando. Así, pode haber:

A. DETECTAR

- **Revelación indirecta.** Prodúcese cando o menor revela o abuso mediante debuxos, relatos escritos, preguntas, discusións sobre sentimentos ou relacións persoais e tamén colocando o problema en terceiros («aquela persoa tocoulle a un amigo meu») ou facendo de divulgador («din que esa persoa toca a nenos/as»).
- **Revelación directa.** Non é frecuente que os menores revelen directamente a un adulto o abuso que están sufrindo; poden facelo a outras persoas da súa idade e contorna (de aí a importancia da formación neste sentido). É tamén frecuente que estes amigos o revelen baixo condicións de segredo.

Ante calquera destes indicios convén informar e comunicar á persoa responsable da actividade para que se poña en contacto con pais, nais ou titores legais, e á autoridade eclesial correspondente para que actúe de modo adecuado de acordo á lexislación eclesial e civil.

B. ESCOITAR

No momento en que directa ou indirectamente un menor ou unha persoa vulnerable manifestan o abuso a que foron sometidos é necesario ter en conta unha serie de pautas de actuación:

É importante ser sensible ás necesidades do menor

SI Necesita sentir que o cremos, demostrando que estamos dispostos a escoitalo e axudalo.

NON Ao uso de palabras que poidan asustalo ou crear ansiedade (policía, delito...).

Non debe pospoñerse a revelación

SI Escoitalo no momento que el elixiu.

NON Retrasar a comunicación.

Sempre manter a calma e escoitar con atención a denuncia

SI Comportarse con calma e comprensión, aceptar o seu relato e animalo a contar o que pasou.

NON Interromper a revelación, nin evidenciar as nosas emocións adultas (cólera, estupefacción, indignación...). Tampouco converter a conversación nun interrogatorio, nin xulgar á vítima ou insultar ao presunto abusador.

Dar apoio e confianza

SI Facer preguntas abertas e xerais xa que, nese momento, só necesitamos saber feitos básicos.

NON Facer preguntas culpabilizadoras ou escabrosas que desaten a vergonza, a incompreensión ou a culpa do menor.

Ser conscientes de que dicir e que non dicir ao menor

SI É importante recalcarlle que fixo ben en contalo e foi valente, que non ten a culpa e non é responsable do que pasou, que imos falar e a poñelo en coñecemento dos seus pais ou titores legais e das persoas que poden axudarlle e/ou facer que termine, que sairá adiante e o seu malestar pasará. É moi importante ser sempre sinceros e adiantar ao menor como imos actuar: contémos as súas preguntas sinceramente. Se non sabemos a resposta, recoñezámolo («Non estou seguro, a verdade», «Pois non o sei, pero voume informar»).

NON Non debemos pedir detalles para influír no seu relato, usar palabras que o poidan asustar, non debemos prometerlle que gardaremos o segredo ou algo que non podemos cumprir. Nunca debemos dar mostras de cuestionar o que di o menor; corresponde ao persoal especializado valorar a veracidade do relato do menor.

C. REXISTRAR

Unha vez escoitado o relato dos feitos:

Poñer por escrito o que acabamos de oír

No escrito débense reflectir o día e a hora, recordando o que recordemos literalmente do seu discurso, escribindo as súas palabras e se mostrou algún comportamento relevante ao dicilo.

Este primeiro testemuño axuda na investigación e pode evitar a revictimización, que teña que contar varias veces os mesmos feitos, con todo o que supón de trauma.

D. COMUNICAR

Unha vez rexistrado por escrito o relato dos feitos narrado polo menor hai que comunicalo inmediatamente:

Á familia (pai, nai, titores legais)

Solicitar a súa información sobre os indicadores, a sospeita ou a revelación do seu fillo/a sobre un posible abuso e acordar con eles a estratexia e actuacións a realizar a partir dese momento.

Á persoa responsable da institución ou directamente á Comisión correspondente ou a Oficina interdiocesana

Nalgún caso serán eles os que contacten coa familia e establezan os pasos a seguir, incluíndo a comunicación ás autoridades civís e eclesiásticas no caso de que se sospeite da comisión dun delito civil ou canónico.

«O deber de comunicación previsto [...] é especialmente esixible a aquelas persoas que por razón do seu cargo, profesión, oficio ou actividade, teñan encomendada a asistencia, o coidado, o ensino ou a protección de nenos, nenas ou adolescentes e, no exercicio das mesmas, tivesen coñecemento dunha situación de violencia exercida sobre os mesmos».

BOE, Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia, Art. 16.1.

E. ACTUAR

Unha vez que a familia e a Comisión Diocesana correspondente ou a Oficina interdiocesana teñen coñecemento da situación, convén actuar na contorna:

Do posible abusador, impondo medidas cautelares.

Do suposto abusado, ofrecéndolle medidas de seguridade e os recursos específicos de asesoramento, atención e acompañamento, tanto á vítima como á súa familia.

Da contorna, comunicando con transparencia o sucedido e as medidas adoptadas.

6

Normativa e referencias

Esta Guía fundamentase nas normativas encargadas de regular e garantir os dereitos das persoas menores:

- NACIONES UNIDAS - Convención sobre los Derechos del Niño. Asamblea General en su resolución 44/25, de 20 de noviembre de 1989. <http://www.ohchr.org/SP/ProfessionalInterest/Pages/CRC.aspx>
- CONSEJO DE EUROPA, Convenio del Consejo de Europa para la protección de los niños contra la Explotación Sexual y el Abuso Sexual (Convenio de Lanzarote). <http://www.coe.int/en/web/conventions/full-list/-/conventions/treaty/201>
- PAPA FRANCISCO, Motu proprio «Vos estis lux mundi», (07-05-2019). https://www.vatican.va/content/francesco/es/motu_proprio/documents/papa-francesco-motu-proprio-20190507_vos-estis-lux-mundi.html
- GOBIERNO DE ESPAÑA - Ley orgánica 8/2015 de Modificación del Sistema de Protección a la Infancia y la Adolescencia. <https://www.boe.es/eli/es/lo/2015/07/22/8>
- DICASTERIO PARA LA DOCTRINA DE LA FE, Vademécum sobre algunas cuestiones procesales ante los casos de abuso sexual a menores cometidos por clérigos (05-06-2022).
- CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA, Protocolo marco de prevención y actuación en caso de abusos a menores y equiparables legalmente (noviembre 2022).
- CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA, Instrucción sobre abusos sexuales. Especial referencia a los casos de menores, quienes habitualmente tienen uso imperfecto de razón y aquellos a los que el derecho reconoce igual tutela (abril 2023).

7

Contacto

Oficina pastoral interdiocesana de atención a menores, persoas vulnerables e as súas familias

Teléfono: 629 885 206

Correo electrónico: atencionamenores@archicompostela.org

Comisión Diocesana de Lugo

Teléfono: 667 677 363

Correo electrónico: proteccionmenores@diocesisdelugo.org

Comisión Diocesana de Mondoñedo-Ferrol *Protexe*

Teléfono: 646 579 525

Correo electrónico: protege@mondonedoferrol.org

Comisión Diocesana de Ourense

Teléfono: 988 209 581

Correo electr.: protecciondemenores@obispadodeourense.com

Comisión Diocesana de Santiago de Compostela

Teléfono: 629 885 206

Correo electrónico: atencionamenores@archicompostela.org

Comisión Diocesana de Tui-Vigo *Abeiro*

Teléfono: 662 170 494

Correo electrónico: comsionabeiro@diocesetuivigo.org

